

Programa municipal de conciliación de Nadal 2024

O Departamento de Educación do Concello de Santiago ten previsto realizar un programa de conciliación laboral e familiar no período das vacacións escolares do Nadal 2024 (días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2024 e o 2, 3 e 7 de xaneiro de 2025). Este programa comprende un conxunto de actividades que se desenvolverán en instalacións dos CEIP Monte do Postes e CEIP Quiroga Palacios, destinadas á poboación escolarizada en Educación Infantil e Primaria do municipio de Santiago de Compostela.

Este programa concíbese como un espazo educativo, de promoción do ocio e o tempo de lecer, ademais dun recurso para a conciliación familiar e laboral no tempo de vacacións.

CARACTERÍSTICAS DO PROGRAMA

Persoas destinatarias

Nenos e nenas empadroados no concello de Santiago de Compostela ou que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria do municipio, entre o 2º ciclo de Educación Infantil e o 3º ciclo de Educación Primaria (ambos os dous inclusive).

Datas de realización

O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de Nadal: os días 23, 24, 26, 27, 30 e 31 de decembro de 2024 e o 2, 3 e 7 de xaneiro de 2025 sen prexuízo dos traballos previos necesarios para a organización da actividade.

Quendas

Quenda do mes de decembro de 2024: días 23, 24, 26, 27, 30 e 31.

Quenda do mes de xaneiro de 2025: días 2, 3 e 7.

Poderanse escoller as dúas quendas ou unha delas coas diferentes modalidades e servizos que se sinalan máis adiante.

O horario será de 9 a 14 horas. Ademais, ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar un servizo de madrugadores con almorzo (de 7.45 a 9 horas) e un servizo de comedor (de 14 a 16 horas).

Número de prazas

- Obradoiros e actividades (9.00h a 14.00h): 78 prazas, das que 12 reservaranse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela e terán carácter de acceso prioritario ao

programa, tal e como se recolle no Informe do Departamento de Servizos Sociais, de data 7 de outubro de 2024

- Servizo de almorzo (7.45h a 9.00h): 30 prazas, das que 12 resérvanse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.
- Servizo de xantar (14.00h a 16.00h) :78 prazas, das que 12 resérvanse para nenos e nenas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.

Lugar de execución

As actividades terán lugar nas instalacións do CEIP Monte dos Postes (rúa das Fontiñas, 79) e do CEIP Quiroga Palacios (rúa de Villaldía, 33-35). Se por algunha circunstancia non fose posible realizar o programa nestes centros, ofrecerase un CEIP alternativo próximo.

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral

Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral ofrecendo aos nenos e nenas unha alternativa de lecer e tempo libre e onde se desenvolverán valores de cooperación, respecto e tolerancia.

Obxectivos específicos

Promover actividades que favorezan o desenvolvemento da creatividade das persoas participantes.

- Desenvolver a autonomía persoal e a intelixencia emocional dos/as participantes.
- Dar a coñecer diferentes actividades lúdicas de ocio e tempo libre.
- Fomentar o gusto pola lectura.
- Promover actividades que favorezan a relación entre iguais e a colaboración.
- Fomentar os valores de compañeirismo e a tolerancia a través de actividades de traballo en equipo.

Tipos de actividades

No programa combinaranse actividades lúdicas, deportivas, xogos e obradoiros.

Modalidades e horarios

SERVIZO	HORARIO
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7.45 a 16 h
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7.45 a 14 h
Modalidade comedor e actividades	De 9 a 16 h
Modalidade só actividades	De 9 a 14 h

Secuencia horaria do programa

7.45 - 9.00 h	Madrugadores. Almorzo e actividades lúdicas e grupais.
9:00 - 9.30 h	Recepción participantes.
9.30 - 11.00 h	Actividade 1: Obradoiros artísticos, plásticos e xogos grupais.
11.00 - 11.30 h	Descanso.
11.30 - 13.30 h	Actividade 2 : Actividades grupais, grandes xogos e ximkanas.
13.30 - 14.00 h	Recollida e despedida.
14.00 -16.00 h	Comedor.

1 Matriculación no programa

- Abrirase un prazo de inscrición e matrícula entre os días 29 de outubro e o 04 de novembro de 2024 (ambos os dous incluídos).

As solicitudes presentaranse segundo modelo normalizado ben por medios electrónicos, ben de xeito presencial no Rexistro Xeral do Concello de Santiago (rúa do Presidente Salvador Allende, 4) ou mediante calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se a solicitude se presenta a través da sede electrónica do Concello de Santiago <https://sede.santiagodecompostela.gal/> escollerase o trámite “Inscrición nos programas de conciliación do Departamento de Educación” dentro do catálogo de trámites.

- Criterios de prioridade para a asignación de prazas

Para o caso de que houberse máis solicitantes que prazas é preciso establecer orde de preferencia na asignación. Os criterios para a asignación de prazas ordenados de maior a menor grao de prioridade son os seguintes:

- 1 Persoas con informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela.
- 2 Familias con nenos e nenas en acollida e nas que as dúas persoas responsables legais estean traballando ou en tránsito, no horario e datas do programa.
- 3 Familia monoparental que traballe ou estea en tránsito, no horario e datas do programa.
- 4 Familias numerosas nas que as dúas persoas responsables legais estean traballando ou en tránsito, no horario e datas do programa.
- 5 Familias coas dúas persoas adultas que traballen ou estean en tránsito no horario e datas do programa.

As situacións familiares descritas nos puntos anteriores deberán acreditarse mediante a presentación da documentación administrativa correspondente (segundo o caso): informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, resolución da Administración autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia, copia do título de familia numerosa, certificado de empresa no que se indique que as persoas responsables legais estean traballando ou en tránsito no horario e datas do programa ou documentación acreditativa da situación de familia monoparental.

Este programa está pensado para responder ás necesidades de conciliación das familias. É por iso que o acceso aos seus servizos debe priorizar a aquelas que traballen ou que estean en tránsito do traballo a casa, nos horarios e datas do programa. Polo tanto é imprescindible que as familias acrediten fiel e responsablemente as circunstancias laborais no período de desenvolvemento do programa. Aquelas persoas que traballen a turnos, teñan flexibilidade horaria ou sexan persoal docente terán que aportar un certificado de emprego actualizado no que indiquen o horario no que traballarán durante o desenvolvemento do programa. Non se aceptarán os certificados ou declaracións xerais (no caso dos traballadores/as autónomos) que non acrediten as circunstancias específicas da familia nas quendas solicitadas, isto é que non acrediten os días e horarios laborais do/s proxenitor/es nos días e horarios de desenvolvemento do programa.

No caso de non acreditarse as situacións anteriormente sinaladas, as solicitudes irán a sorteo público, en caso de ter que realizarse, en igualdade de condicións.

Se, unha vez adxudicadas as prazas segundo os criterios de prioridade, houberse máis solicitudes que prazas dispoñibles realizarase un sorteo público. Para os casos en que o número de solicitudes supere o número de prazas aplicarase a fórmula ALEATORIO.ENTRE(Ax:Ay) no documento onde figura a lista de solicitantes cun número asignado por unidade familiar. Extraerase un número que determinará tanto a asignación de prazas como a orde na listaxe de agarda resultante. O resultado da

aplicación da fórmula dá un número “x” que será o que obteña praza en primeiro lugar e tamén os sucesivos ata completar o número total de prazas ofertadas. O sorteo, de producirse, será anunciado na páxina web do Concello.

- As persoas solicitantes deberán estar empadroadas no Concello de Santiago, circunstancia que se comprobará de oficio polo Concello de Santiago, ou estar matriculados nun centro educativo do municipio de Santiago, en cuxo caso deberán achegar unha certificación expedida polo centro onde estuda, indicando nome e apelidos da crianza matriculada e o curso.
- É responsabilidade única das persoas solicitantes a entrega dos certificados e declaracións de horario laboral actualizados.
- Será motivo de exclusión:
 - Non cumprir os requisitos do programa,
 - Non entregar a documentación solicitada en prazo,
 - Non estar empadroada en Santiago ou escolarizada nun centro educativo do municipio de Santiago as persoas beneficiarias do programa, así como
 - Non realizar o pagamento dos prezos públicos correspondentes nos prazos sinalados.
- Realizado o sorteo de ser o caso, publicarase na web municipal a táboa coas prazas adxudicadas provisionalmente a cada solicitante. Non se avisará de forma individualizada ás persoas admitidas, excluídas e da lista de agarda.
- O Departamento de Educación fixará un prazo para o pago e achega dos xustificantes de pago das autoliquidacións correspondentes ás prazas asignadas a cada familia. **Non se poderá realizar o pago dos prezos públicos ata a publicación da listaxe provisional das prazas adxudicadas, onde se establecerá o prazo para elo.**
- Rematado ese prazo, o Departamento de Educación publicará as listaxes definitivas de prazas asignadas.

Os pagos realizados non se devolverán en ningún caso, agás:

- 1 Que non se chegue a realizar o programa ao non cubrirse un mínimo de prazas, ou por outra continxencia que impida o seu desenvolvemento.
- 2 Por motivo de exclusión ao non cumprir os requisitos que se establecen na convocatoria.
- 3 No caso de realizar un pago indebido ou duplicado.

As persoas solicitantes e participantes no programa aceptan as bases e condicións establecidas nel.

➤ Documentación que cómpre presentar

- 1 Formulario de solicitude cuberto e asinado (MODED010 EDUCACION, da sede electrónica).
- 2 Fotocopia da tarxeta sanitaria ou da compañía aseguradora.
- 3 Copia do título de familia numerosa (de ser o caso).
- 4 Acreditación de recoñecemento de discapacidade da crianza, de ser o caso.
- 5 Certificación expedida polo centro de Santiago onde estuda a crianza, indicando nome e apelidos e curso (se non está empadroada no Concello de Santiago).
- 6 Certificado de empresa no que se indique que as persoas responsables legais están traballando, ou en tránsito, no horario e datas do programa.
- 7 Informe do Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela, de ser o caso.
- 8 Resolución da Administración autonómica que acredite o acollemento familiar ou o permiso de convivencia, de ser o caso.
- 9 Documentación acreditativa de familia monoparental (*), de ser o caso.

Familia monoparental: entenderase por familia monoparental cando forme parte da unidade familiar unha única persoa proxenitora que non conviva con outra coa que manteña unha relación e sempre que a outra persoa proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Neste caso xustificárase cunha denuncia reclamando o pago da manutención do menor.

Prezos público finais ordinarios para as familias coas modalidades:

Programa quenda decembro 2024

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA DECEMBRO (6 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 73,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 43,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 63,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 33,00 €

Programa quenda xaneiro 2025

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA XANEIRO (3 días)
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 36,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 21,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 31,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 16,00 €

Prezos públicos finais especiais (desconto do 50% ou 100% Informe SS do Concello) para as familias coas modalidades:

Programa quenda decembro 2024

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA DECEMBRO (6 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 36,50 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 21,50 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 31,50 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 16,50 €

Programa quenda xaneiro 2025

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA XANEIRO (3 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	<input type="checkbox"/> 18,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 10,50 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	<input type="checkbox"/> 15,50 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	<input type="checkbox"/> 8,00 €

IMPORTANTE: Non se poderá realizar o pago dos prezos públicos ata a publicación da listaxe provisional das prazas adxudicadas, onde se establecerá o prazo para elo.

Máis información:

Concello de Santiago. Departamento de Educación
Edificio CERSIA. Rúa do Alcalde Raimundo López Pol, s/n. San Lázaro
Tfnos.: 981 554 400/401
dptoeducacion@santiagodecompostela.gal; www.santiagodecompostela.gal